

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SETEMBRO LÚDICO 2026

EXPEDIENTE: 12674/2026

ANTECEDENTES:

O Setembro Lúdico é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo do mes de setembro, concretamente para o ano 2026, os días 1 de setembro ata o 8 de setembro de 2026 (días 1, 2, 3, 4, 7 e 8). As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 243, de 26 de decembro de 2022 e na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral publicada no BOP núm. 223 de 19 de novembro de 2024.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 12 de dito Regulamento, os lúdicos desenvolveranse en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas municipais de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do concello: www.concellodeames.gal.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “Setembro Lúdico 2026”

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 01/07/2026 ata o 15/07/2026, ámbolos dous días incluídos.

2º.- Informar que os días de desenvolvemento do programa e os centros habilitados para a súa realización son os seguintes:

Días desenvolvemento do programa: 1, 2, 3, 4, 7 e 8 de setembro de 2026.

Lugares habilitados:

Milladoiro

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2026/2027 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil. Non poderán participar os nenos/as que vaian cursar 4º de infantil no curso 2026/2027.

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2026/2027 nalgún dos niveis de educación primaria. Non poderán participar os nenos/as que vaian cursar ESO no curso 2026/2027.

Bertamiráns

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2026/2027 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria. Non poderán participar os nenos/as que vaian cursar 4º de infantil no curso 2026/2027 nin ESO no curso

2026/2027.

3º.- As prazas estimadas dispoñibles para este programa por centro e por grupos de idade é o seguinte:

EEI Milladoiro		45 prazas
CEP Ventín		45 prazas
CEIP A Maía	Infantil	45 prazas
	Primaria	45 prazas

A cobertura de prazas realizarase conforme ao estipulado no artigo 17 do Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames.

4º.- Facer públicos a organización e os horarios de entrega e recollida do setembro Lúdico 2026 que se incorpora como anexo I a este Decreto. Estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

Rogelio Pardo Martínez

HASH DO CERTIFICADO:
B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368
5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CAF7080B19255A4D8E

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde, Ames
Secretario accidental

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PARDO MARTINEZ, ROGELIO

ANEXO I

ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR “SETEMBRO LÚDICO 2026” DO CONCELLO DE AMES E HORARIOS DE ENTREGA E RECOLLIDA

A organización dos/s nenos/as que participan no Setembro Lúdico 2026 realizarase en base a unha ratio de 1 monitor/a por cada 15 nenos/as, excepto no caso de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo onde a ratio será 1/1.

O límite de prazas do Setembro Lúdico definirase por grupo e por centro.

Os grupos establécense en función das idades dos nenos/as, polo que ás prazas que haxa nese grupo só poden ser ofertadas aos nenos/as que estean dentro dese grupo de idade concreto e dentro dese centro concreto.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Non poderán participar no Setembro Lúdico 2026 o/a neno/a:
 - Se ten febre, diarrea, vómitos, piollos, enfermidades contaxiosas...
- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas, unha botella de auga e algo para merendar a media mañá.
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón e realizarase antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies
- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.

HORARIOS ESPECÍFICOS DE CADA CENTRO (estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos)

HORARIOS DA EEI MILLADOIRO:

Bos días: 7:30 - 9:00 Porta emerxencia comedor
Entrada: 9:00 – 9:30 Porta principal
Saída sen xantar: 14:00 - 14:30 Porta principal
Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta principal

HORARIOS CEIP VENTÍN:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor
Entrada: 9:00 – 9: 30 Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)



Saída sen xantar: 14:00 – 14:30 Porta do pavillón

Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta do pavillón

HORARIOS CEIP MAÍA:

Bos Días: 7:30 a 9:00 Porta principal do comedor

Entrada: 9:00 a 9:30

Infantil: porta principal do comedor

Primaria: porta lateral do comedor (fronte ao patio cuberto)

Saída sen xantar: 14:00 a 14:30

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

Saída con xantar: 15:15 a 16:00

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

HASH DO CERTIFICADO:
B037CE7746E0042B821F27361C8D6743263E368
5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde, Ames
Secretaría accidental

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2CAF7080B19255A4D8E

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PARDO MARTINEZ, ROGELIO

